

COLABORARON NESTE NÚMERO:

Noel Blanco, Noemí Iglesias, Xoán Carneiro, Daniel Castro, Beatriz Fernández, Abraham Marta, Bruno Ameneiro, Toni Vila, Sheila García, Alejandro García, Mónica Magariños, Teresa Gómez, Javier Castro, Alumnos de 1º de ESO A e José Brozos

Coordinou Anxos García Fonte.

Cartafol da LINGUA

BOLETÍN do EQUIPO de NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Mensaxe

Supoñamos que unha noite, mentres cea, ten prendido o televisor e decide, por unha vez e sen que sirva de precedente, atender ás noticias. Atopará o que xa sabe, o de sempre.

Pero máis tarde, xa instalado nun leito máis ou menos comfortable, pensará no que non se ve. Eso é o peor.

Quizais pense vostede que o FMI desangra a unha Arxentina cansa de ser enganada e lembre case con bágoas nos ollos aquel país polo cal vostede sente especial agarimo e eses doces tópicos espallados en Borges ou Sábado (Corrientes, o "colectivo") ou aquelas cancións que cantaban os seus pais pola cociña ("*que errante en la sombra te busca y te nombra*"). Quizais lembre que aquel seu avó marchou con dor fondísima e unha maleta de cartón cando non era máis ca un neno e que hoxe un pobo mata a súa carraxe a pedradas contra a Casa Rosada.

Quizais pense que os nenos palestinos lanzan pedras ós soldados israelís e que estes responden con potentes fusís e que, en vinganza, pobres rapaces enchen os seus corpos de explosivos plásticos; ou que nas grandes cidades do Terceiro Mundo os nenos aspiran cola e acoitélanse na noite; ou que aquí mesmo os de sempre representan un simulacro de democracia. (Poderíamos continuar, mais non é necesario.)

Ante este desolador panorama podemos preguntarnos moitas cousas. De entre tódalas



OCEAN'S ELEVEN

preguntas escollemos unha: ¿u-las voces dos intelectuais comprometidos co seu pobo? A desolación pode ser total se pensamos que o noso mundo intelectual egrexio está representado por unha grea de trepas que agardan o aplauso do poder e que Nanni Moretti, Darío Fo ou José Saramago son irredentos e cáusticos mais, lamentablemente, excepcións. Pero tamén hai outros...

Esto lévanos directamente a unha agrupación de escritores e intelectuais galegos na Internet que representa a esa parte da intelectualidade occidental que se resiste a calar ante a inxustiza (probablemente seguindo a estela do gran lingüista americano Noam Chomsky, quen é un dos grandes críticos da política exterior de EEUU): falamos das **Redes Escarlata**. A idea parte do poeta, narrador e profesor Anxo Angueira, que organiza un movemento que une a creación e a actividade cultural (recitais, coloquios) e a contestación política (documentos na súa páxina sobre os conflitos vasco ou palestino, participación na loita anti-LOU). Non tardaron en sumarse ás "redes" plumas coma a de Méndez Ferrín (cuxa actitude firmemente contestataria levouno ó cárcere en varias ocasións durante a dictadura e converteuno nun personaxe manifestamente incómodo para as autoridades e o poder en xeral), Darío Xohán Cabana (excelente poeta e narrador e traductor de poesía clásica italiana) ou Chus Pato (poeta maxistral e personalísima, unha das grandes voces líricas galegas do noso tempo).

Desexamos longa vida á páxina www.redesescarlata.org e agardamos que siga espallando a esperanza de facer deste mundo un lugar xusto e habitable, por suposto recomendando ó lector que se achegue ás redes e que comprobe que a utopía vive aínda. (Quizais logo pense, mentres ve as noticias, que a realidade non ten por que ser como nola presentan e siga interesándose polos grupos que, desde a rede e coas armas da mobilización pacífica e a palabra, loitan por rematar cos abusos e mellorar este mundo.)

Esta última película do oscarizado Steven Soderberg (por *Erin Brockovich* e *Traffic*) está a ser un dos taquillazos deste ano, superando películas coma *Harry Potter* ou *O señor dos aneis*.

Steven Soderberg contou cun espectacular reparto que vai dende George Clooney (*Out of Sight*, *O Brother*), Brad Pitt (*The Mexican*, *12 monos*, que lle valeu unha nominación ós Oscars), Andy García (*Cando un home ama a unha muller*), Matt Damon (*O indomable Will Hunting*, polo que levou un Oscar), e tamén a oscarizada Julia Roberts (*Pretty woman*, *Erin Brockovich*).

O argumento podíamos resumilo así: Daniel Ocean acaba de saír do cárcere e decide recuperar a súa vida, á súa muller Tess (Roberts), e de aso dar un bo golpe: roubar os tres casinos máis importantes das Vegas (que curiosamente pertencen a Thierry Venedit, o home que sae coa súa muller). Para isto conta cun grupo de once ladróns que dominan tódalas técnicas da arte da estafa (un tafur, un carteirista, un cerebro da informática, dous paletos, etc.) financiados por un excéntrico personaxe (Elliot Gould).

Moitos consideran este filme un *remarque* da *Cuadrilla dos once* (1960) de Lewis Milestone, feita para o lucimento do chamado *Rat Pack*, composto por Frank Sinatra, Dean Martin, Samy Davis JR. entre outros. Era a crónica dun roubo imposible a cinco casinos das Vegas e, ó meu parecer, aí acababa o parecido.

Aquela era unha boa idea mal resolta, mentres que esta, sen dúbida, acadou un mellor resultado apoiándose nunha boa dirección e un inxenioso guión. Resumindo, é unha boa película de entretemento con momentos estupendos, algunha chiscadela irónica e mantendo sempre o ton de *comedia elegante*.

Noemí Iglesias López, 2º Bacharelato.



COLABORACIÓN DE LUXO

DE GALICIA

Cando o *freire Sarmiento* se preguntaba sobre as causas da desaparición da lingua galega tanto da fala como da escrita, dábase tamén unha moi atinada resposta: o abuso que do castelán fixeron as xentes que a partires do século XV inzaron Galicia dunha enorme caste de **funcionarios**, e sobre todo dos representantes da Igrexa.

En efecto, non lle faltaba perspicacia, intuición e estudo ao noso simpático *Perucho*. Cando os Reis Católicos deciden, no seu afán centralizador, facer que a **Igrexa** galega pase a depender da Congregación de Valladolid, os mosteiros e parroquias galegas éñense de frades e clérigos alleos aos costumes, cultura e lingua de Galicia.

Esta medida tivo dobre importancia pois os eclesiásticos que veñen de fóra non están por aprender a lingua do pobo e ademais, naqueles tempos eran os frades e os párrocos das poucas persoas que sabían escribir.

Á **nobreza** galega, vencida nas guerras civís sucesorias entre a Católica e a Beltranexa non lle queda máis remedio que fuxir ou incorporarse ao recién creado exército nacional e participar nas campañas europeas da Coroa. Os que fican nas súas terras son castigados, executados ou ven recortados os seus privilexios.

Temos pois que os estamentos autóctonos máis poderosos da sociedade de principios do s. XVI son substituídos en pouco tempo por elementos doutros reinos que veñen a Galicia máis cun afán de prosperar nas súas carreiras profesionais que por ser servidores e representantes do pobo, ao que por certo desprecian.

Nestas circunstancias Galicia fica sen as condicións necesarias para continuar o esplendor que tivera no pasado na república das letras.

O desarraigo dos altos estamentos da sociedade galega vai ser constante ao longo dos séculos seguintes. Nembargantes esta

política dos Reis Católicos que tiña un claro obxectivo de unificación e anulación das particularidades dos distintos reinos peninsulares vai continuar (consciente ou inconscientemente) nos séculos seguintes por parte de gobernantes e políticos de moi distintas ideoloxías.

Efectivamente, nos tres séculos e medio que transcorren desde o século XV ata mediados do s. XIX, entre todas as Sés Episcopais galegas, unicamente sumaron quince bispos nados en Galicia. A mesma esaxerada desproporción pódese apreciar nos altos cargos administrativos, convertidos nunha caste sucesoria ou outorgados como premio aos servizos prestados á Administración Central.

Neste cúmulo de circunstancias, o pobo galego queda como invitado de pedra, a ver pasar por diante de si a súa propia historia.

Os intentos de renacemento da lingua, non só como medio escrito, senón tamén como dignificación da expresión natural do pobo comezan co século XIX: rexurdimento do concepto de Galicia como comunidade a raíz da invasión francesa, primeiros escritos en galego, tanto en prosa como en verso, etc.

Pero o principal labor xa estaba feita: a desarticulación de Galicia como entidade política de seu no século XV. Entusiastas continuadores deste labor disgregador ao longo dos séculos XIX e XX van ser os caciques políticos. Estes, xentes sen escrúpulos e insaciáveis devoradores das rentas do pobo ao que despreciaban, estenden ese desprecio á lingua e convértense nos máis fieis servidores dos funcionarios alleos.

Pero como case sempre ocorre, serán máis perigosos os que nacendo aquí, desprezan a súa propia terra, a súa raigame, e se enlean en contendas civís irracionais nas que sempre acaban caendo os que non o merecen, os máis necesarios para o porvir dun pobo.

Mala sorte tiveches Galicia, sempre lexítima, sempre derrotada. ¿Sairás algunha vez desa longa noite de pedra?

Xoán Carneiro





Dende os seus soños.

-Dende o primeiro día que cheguei a Compostela para cursar os estudos de filosofía e letras, ata a miña marcha seis anos despois, tiven tódalas noites o mesmo pesadelo-contaba o vello nugallán, Don Gonzalo de Negro, na solaina do seu pazo de Cadrón no comarca do Deza; a tertulia alongárase durante toda a cea e coa chegada do ocaso optamos saír ó exterior do vello caserón. Facía unha noite espléndida para estar xa ben entrado o mes de outubro, non facía demasiado frío e podíase observar como a néboa ía subindo pola ribeira do río Arnego mentres o noso anfitrión seguía o seu relato:

-Eu erguíame da cama e saía en pixama da residencia, sen rumbo fixo, normalmente de cara á lúa, deambulaba polas rúas de Santiago ata que ó pouco oía un balbordo ás miñas costas, xirábame e vía unha madeixa de lá vermella, ¡duns tres metros!-exclamaba o vello e garabateaba coas mans debido á emoción -Entón botaba a correr en tódalas direccións, nas primeiras ocasións a persecución non duraba máis de cinco ou dez minutos, pero segundo pasaban as noites a enorme esfera acercábase máis e o acoso era maior. Sempre dei gracias ó Señor de que a Cidade do Apostolo estivera cheíña de cruces, xiros, estreitamentos e bifurcacións que me permitían gañar algúns metros debido ó tamaño do meu peculiar adversario. ¡Que tempos aqueles! Unha vez que me fartei do latín e que deixei de crer en Santiago como un símbolo de cultura, decidín volver ó Deza e seguir o labor dos meus antepasados, ser o Señor do Pazo; a partir de aí o meu tenramente odiado soño empezou a esvaecerse. Ó principio tíñao día si día non, pero segundo avanzaban os meses e os anos ese períodos facíanse máis e máis longos; hoxe, se non recordo mal, fai sete anos que non teño o pesadelo, xustamente o tempo que levo sen volver a Santiago, ata hoxe, que tiven que ir para darlle o meu derradeiro adeus ó noso amigo, en paz descanse, e tan só ó ver ó lonxe as torres da catedral, a mente transportouse a outro tempo e durante toda a estancia na cidade estiven absorto nos recordos de cada rúa, cada casa, cada parque...; e esta noite espero ter o ansiado pesadelo, volver sentir esa emoción. -Houbo un longo silencio, só se escoitaba o son do río e as risas entrecortadas dos máis novos, eles non o comprenden... o que se dá a certas idades por ter un pouco de aventura e saír da rutina.

Xa estaba escurecendo de mais para estar no exterior do pazo, Don Gonzalo invitounos a unha derradeira cunca de café pero para moitos quedaba

inda un longo camiño para chegar o seu fogar; os que viviamos en zonas máis afastadas fomos invitados a pasar a noite nunha das múltiples estancias das que dispoñía o caserón. Tras o café ó redor da lareira fomos durmir.

Pasaban as horas e eu non conseguía coller o sono. Foran uns días moi axitados, trala noticia da morte de César, a viaxe a Santiago polo seu funeral, a invitación de Gonzalo a cear no seu pazo, pensaba que estaría exhausto. Nada mais lonxe da realidade: non sei se a cafeína me faría moito efecto ou se a dixestión estaba a ser demasiado pesada, sentíame extraordinariamente activo e lúcido, cavilando en mil e unha cousas, entre as que destacaba o relato do meu anfitrión. Este abrírame os ollos cara a outra realidade que xustamente hoxe se me negaba. Empecei a recordar soños que desde moí neno fora almacenando no meu subconsciente, pero ningún deles tiña a maxia nin a emoción do que me relataran este serán. A eso das tres da madrugada saín dos meus pensamentos debido a uns fortes ruídos que proviñan do piso superior. Ruídos de loita. Saín ó corredor e observei como tódolos demais invitados tamén comezaban a saír das súas habitacións. Subimos todos as escaleiras de granito grisáceo cara á terceira planta, os ruídos proviñan da estancia de Gonzalo, pero xusto ó chegar a beira da porta o estrondo parou. Lentamente fun xirando a chavella; o interior estaba completamente a escuras polo que tivemos que recorrer á utilización dunha lámpada de aceite. A habitación estaba en silencio, non se movía absolutamente nada, polo que tardamos un anaco en percatarnos da figura inmóbil de Gonzalo tirado na cama. Ó achegarme dínome de conta de que non respiraba e de que o cobertor de liño branco esta manchado de cor vermella, de sangue. Dous enormes cortes perpendiculares, moi profundos estendíanse dende o ventre ata o corazón. Durante o resto da noite non me afastei do cadáver.

O día seguinte sufrimos o acoso policial. Esta supoñía que os cortes foran inflixidos por arma branca e que o autor dos feitos era un de nós, un dos invitados daquela noite. Mais esta teoría foi imposible de demostrar pola falta de probas e o caso foi pechado aínda que non resolto.

En numerosas ocasións vénseme á memoria esa trágica noite no pazo; tanto a cea e a tertulia coma os incidentes posteriores. O meu interese polo mundo dos soños foi a máis e cheguei á conclusión de que a morte do meu amigo foi producida por que o seu soño se fixo realidade. Ademais, tras estudar o caso cheguei á conclusión de que o seu perseguidor non era unha madeixa de lá, senón que era un gato que xogaba con ela. Só con pensar nas proporcións deste becho póñense os pelos de punta.

FIN.

Daniel Castro Fernández, 2ºbachillerato-grupo A



ARREDOR DE NÓS

Cunqueiro poeta (1932-1980)

Por razóns fóra do meu control o ano pasado debера ter saído neste boletín un artigo sobre a obra poética en galego de Álvaro Cunqueiro, e así foi. Pero dúas causas lévanme a reformularme tal tarefa: a) que por vicisitudes non atribuíbles a ningunha mala fe, senón ó puro e inocente despiste, tal artigo non reproducía a parte destinada á análise da obra poética cunqueiriana de posguerra; b) creo que o tempo e unha relectura (a terceira) desa parcela da produción do autor mindoniense fixeron que meditase varios aspectos sobre os que hoxe podo dar unha opinión máis calibrada.

Mar "puro"

No ano 1932 un Álvaro Cunqueiro mozo frecuente as tertulias literarias ó tempo que cursa os estudos de Historia (que abandonará para adicarse por enteiro á escritura). Inmerso nun ambiente que combinaba a preocupación por Galicia e o interese polas vangardas artísticas, publica na editorial Nós (rexentada por Anxel Casal, futuro alcalde republicano de Compostela e futura vítima da represión fascista do ano 36) o poemario *Mar ao norde*.

Nesta obra hai ecos de diversas vangardas (dende a poesía pura do francés Paul Valéry ou do vallisoletano Jorge Guillén ata a importante influencia do rianxeiro Manuel Antonio), pero prima a deconstrución da realidade que volve ser reconstruída dun modo non figurativo, coma nun caleidoscopio onde se alternan a claridade e a escuridade que latexa no fondo das imaxes que emprega o autor.

Mar ao norde é unha mostra do talento do autor que se coloca coma poeta novísimo e abstracto dentro das vangardas en galego.

Hai unha illa louvada...

Un ano despois aparece outra das súas obras claves, quizáis a máis coñecida do período da preguerra, *Cantiga nova que se chama riveira*. O autor recoñece coma capital o seu descubrimento dos cancioneros de lírica medieval galego-portuguesa nunha peregrinación a Fátima (que por entón eran introducidos en Galicia polo maxisterio do profesor Cotarelo Valledor). Pero estes só son un punto de partida; Cunqueiro non opta pola reconstrución filolóxica dos modos da lírica medieval (cosa que si facía Fermín Bouza Brey no seu *Nao senlleira*, o cal lastraba o ritmo do seu interesante libro, fundador da corrente poética neotrobadoresca da que Cunqueiro sería un continuador), Cunqueiro recrea o vocabulario e o mundo do medioevo pero dun modo deliberadamente anacrónico. Neste senso mestura elementos propios da lírica medieval e elementos e imaxes oníricas propias da estética vangardista; así a obra non fica lonxe de libros neopopularistas coma o *Romanceiro gitano* de Lorca ou *Marinero en tierra* de Alberti na súa atinada mestura de métrica desenvolta e popular e de estética moderna.

Amor e caos

Na súa seguinte experiencia poética, que sae do prelo o mesmo ano que a anterior, volve a deixar claro o seu carácter rompedor cunha experiencia poética na que o máis sinxelo do mundo (unha historia de amor, un conto erótico) é abordado dende unha perspectiva no noso orbe literario. A obra en cuestión é *Poemas do si e non*.

Algúns estudiosos da obra de Cunqueiro falan desta obra coma claramente surrealista, se ben o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín dinos que é dificilmente adscribible a un movemento concreto. Sexa como for o onirismo, a imaxinación e a construción dun mundo poético ilóxico e

difícil (susceptible só dunha interpretación intuitivo-especulativa) fan desta obra un dos cumes do seu autor e, ó igual que as súas outras experiencias da preguerra no eido da poesía non ten parangón con ningún outro autor coetáneo de Cunqueiro.

A nostalxia das magnolias

1950. Moitas cousas sucederon entre *Poemas do si e non* e a súa seguinte obra, *Dona do corpo delgado*. Unha delas foi a Guerra Civil (mortes, exilios interiores e exteriores; desfeita), outra foi o seu encumbramento coma unha das plumas ó servizo da ideoloxía falanxista e a súa posterior caída en desgracia, no medio da cal será abandonado pola súa muller. No ano 1947 volve a Galicia e refúxíase no seu Mondoñedo natal, no que paseniñamente recupera a forza para retomar o papel que lle correspondía coma creador en galego. É visitado e alentado entón por amigos coma Francisco Fernández Del Riego ou Celso Emilio Ferreiro, todos ven nel a unha peza clave da recuperación da cultura galega. Será Fernández Del Riego o que lle vaia arrincando capítulo a capítulo a prodixiosa novela *Merlin e familia*. Será tamén a continua insistencia do seu amigo Celso Emilio a que o leve a escribir *Dona do corpo delgado* para a colección Benito Soto pontevedresa.

Dende o punto de vista literario o poemario é máis heteroxéneo cos da preguerra. Nel mesturanse restos neotrobadorescos pasados por un tamiz de escuridade e amargura, ledos e lizgairos "rondeaus" de carácter medieval e influencias de François Villon que non poden ocultar un poso de nostalxia, dúas graves elexías (a Manuel Antonio e a Feliciano Rolán) e outros poemas sobre os que aletexa a sombra da guerra ou da infelicidade.

Mortes e resurrección

Herba aquí ou acolá, considerado por moitos coma o mellor libro de poemas en galego do noso século, é a derradeira mostra do talento poético do autor de Mondoñedo e, quizais, a culminación da súa obra poética. Realmente o libro nace coma unha escolma feita polo amigo de Cunqueiro, e excelente poeta coruñés, Miguel González Garcés dos poemas que compuxo despois de *Dona do corpo delgado* (esta escolma viuse polemicamente aumentada na reedición que dela se fixo en 1991, dado que tal aumento da súa obra non contou co beneplácito do autor que xa morrera).

A primeira parte do poemario, absolutamente marabillosa e insuperable, titulada *As historias*, recrea mitos de orixe céltica, bretona, semítica ou árabe e contén homenaxes a autores coma Homero ou Dante. Non só é destacable nesta obra o lirismo exquisito da que fai gala Cunqueiro, senón a súa capacidade de facer conexións e pontes entre aportes de distintas tradicións culturais onde brillan os dous temas estrela do mundo do autor: a reflexión sobre a propia linguaxe literaria e os seus mecanismos (e sobre todo cómo a palabra crea un mundos paralelos) o amor e a frustración erótica, o paso do tempo e a morte.

A segunda parte, non tan homoxénea, titulada *Vellas sombras e novos cantos* nítrese de composicións que ben poderían figurar no apartado anterior, novas cantigas neotrobadorescas de raíz intertextual e poemas nos que a propia voz do autor reflexiona sobre a morte, que ve próxima, e ten á primavera coma motivo fundamental.

A morte de Cunqueiro privounos dun poeta fundamental. Seguiremos tendo a Ferrín, a Pexegueiro, a Graña, a Chus Pato, a Navaza ou a Ramiro Fonte (só por citar a algúns dos nosos versificadores que preferimos). Pero xa non é, xa non existe, o poeta que escollía abril, o todo pendía en que el esquecese os días de chuvia. O seu carácter irrepitible ben merece, cremos, a lectura atenta da súa obra.

Noel Blanco Mourelle 2º de BACH



O Cartafol recomenda

UNHA PELÍCULA:

Pois desta vez non vou arecomendar unha soa película, senón que vos darei a oportunidade de elixir ó voso antollo. Aínda que, en realidade, quero que vos interesedes un pouco por un dos grandes. ¿Quen é? Pois o mítico e sempre atractivo James Dean (¡pobre do que non o coñeza!). Películas como "Xigante", "Ó Leste do Edén" ou a miña favorita "Rebelde sen causa", xa forman parte da historia do cine e non cheiran a podre como outras (e non digo nomes...). Foi un moi bo actor, rebelde na vida real como nas súas películas. Foi por isto polo que morreu xove, quedámonos sen o raparigo contestatario que tan bos momentos puido facernos pasar se seguise vivo. En fin, alomenos quedámonos cun bonito recordo del, a súa xuventude.

UN PROGRAMA DE TELEVISIÓN:

Como desta vez estamos a recomendar moi bo material, non podíamos esquecernos dese "pecho" programa de Tele 5. Se vos digo que na sobremesa do sábado e do domingo sempre vexo a un lote de homes traxeados e con gafas de sol... Pois claro! "Caiga quien Caiga"! Non me diredes que non é o mellor programa da televisión, con diferencia... O simpático Wyoming pon a súa nota humorística tendo volta para todo. Os seus axudantes, o paisano Juanjo de la Iglesia e o guapísimo Javier Martín, son os que rematan o trío máis logrado da televisión (ou senón comparede con Parada e o seu pianista...). Non debemos esquecer a valiosísima colaboración dos reporteiros do programa: o "super-galego" Serxio Pazos, Pablo Carbonel (moi bo o seu último disco), Arturo Valls (o repeiteado "number one"), Tonino Guitián (coa súa cara de bo rapaz, bótaas a dar) e sen olvidar a Mario Caballero (outra boa peza). Todo este equipo levan a cabo un espacio con interesantísimas seccións, cada cal máis boa (as miñas favoritas son ese orixinal diario de guerra e o curso de ética periodística). Xa sabedes, tedes unha cita cos "Men in Black".

UN CD:

Seguimos recomendando e chegamos á hora da boa música. Non sei se coñeceredes a outro clásico do panorama musical, neste caso trátase de Billy Joel e o seu traballo "Piano Man". ¿Coñecédelo? Supoño que a maior parte non, pero se vos digo que a canción que dá nome ó disco cantouna Ana Belén ("El hombre sentado al piano") seguro que vos decatades.

Non quería tocar o tema do "mega-concurso" "Operación Triunfo", pero a canción que cantou Chenoa na gala do 11 de febreiro era esta da que estou a falar. A rapaza promete, estou de acordo, ó igual que moitos dos seus compañeiros, pero neste caso, decántome pola versión orixinal de Billy Joel. Opinade vós mesmos, aínda que... unha cousa non ten que ver coa outra... Cuestión

de gustos...

UN CÓMIC:

¡¡AVALANCHA!! Eso é o que imos ter dun dos mellores personaxes de cómic xamais creados, Spiderman. O heroe creado por Stan Lee e Steve Ditko no ano 1963 está a vivir unha segunda xuventude gracias a estrea da súa última película. Esta boa saúde tradúcese no lanzamento en España de tres novas series e numerosas miniseries do trepamuros todas elas editadas por Forum: Spiderman, O home araña, que recolle as coleccións USA Amazing Spiderman (co xenial guionista J.M. Straczynski, creador da serie de T. V. Babilon 5), que narra a continuidade dun Peter Parker xa adulto e felizmente casado, de saída en marzo; Ultimate Spiderman, novo comezo das aventuras de Spiderman dende a picadura da araña radioactiva contada dunha forma moito máis moderna da que o fora na década dos sesenta, de saída en maio; e o Coleccionable Spiderman que recolle en tomos semanais (tódalas anteriores son de periodicidade mensual) de 3 euros as aventuras do heroe nos anos oitenta. Se te atreves podes ler todas estas aventuras, ademais de moitas outras, de balde pero en inglés na seguinte páxina de internet: www.xmenscan.net.

UN LIBRO:

Despois dunha longa deliberación, remexendo na infinidade de estanterías de librerías, bibliotecas e casa, tanto propias como alleas, decidínme por un libro que a todo o mundo lle pode gustar xa que o protagonista é coñecido polo cen por cen da xente: "Conan, El tesoro de Tránicos" (Editorial: La factoría de Ideas) escrito polo creador do heroe Robert Erwin Howard (1906-1936), considerado un dos creadores do xénero de Fantasía Heroica, moita xente cre que Conan foi un personaxe feito para a película dos anos oitenta protagonizada por Schwarzenegger, pero non é así: Conan tivo a súa primeira aparición no relato "The Phoenix in the Sword" (1932) nun dos abundantes pulp da época e seguiron aparecendo relatos do personaxe ata a morte do seu autor. Soamente aparecerían dúas novelas unha das cales e a que vos estou a recomendar. Se buscades acción, aventura e sangue (moito sangue) estades ante a novela idónea.

UNHA WEB:

Se buscades información sobre cine, televisión, videoxogos, manga, cómic, rol, deportes de aventura, música..... www.ociojoven.com é a vosa páxina, ten noticias actualizadas diariamente nas cales podes deixar mediante mensaxe na propia web a túa impresión sobre ela, biografías sobre os principais protagonistas de cada apartado, amplos artigos sobre os temas de interese maioritario, reseñas sobre os últimos lanzamentos cinematográficos, musicais ou de calquera tipo. En resumo, información a man sobre todos os campos do ocio.

Daniel Castro e Beatriz Fdez. Lamas





Sopa de Letras

Busca nove palabras relacionadas co corpo humano.

A Z S A D E D S A M
 C O R D E S A T I R
 T O N H A O N K P S
 S O B L M L S E P A
 A K R A Z L D V P L
 G N N R D N D L D E
 E S S A X O C S R N
 D E O L L E C O N A
 A D A R C X L L O C
 N O G N A Z O Z C K

Abraham M.

Adiviña

Limpanme tódolos días,
 píntanme de moitas cores
 para poder presumir de min
 e das miñas cores.
 Medro con rapidez,
 sempre me están a cortar,
 redondear
 e, de novo, a pintar.

Bruno A.

Poesía

O mar

Tívente cerca,
 tívente ó meu lado,
 e, agora que non te teño,
 síntome abandonado.
 Pero ... ¡ a ti que máis che dá!
 se con outro ti xa estás.
 Mais eu teño un gran problema:
 cada vez que miro o mar,
 recordo o que é amar.

Toni V. e Sheila G.



HORIZONTALAIS

1. Finca de cultivo pechada próxima á casa.
- 2 . Recipiente de ferro.
3. Porta sinxela dunha soa folla.
4. Instrumento agrícola.
5. Peza de ferro que se coloca no arado.
6. Corte pequena.
7. Pedras que forman a campá da cheminea.
- 8 . Banco de madeira con respaldo.
- 9 . Terra de labradío.

VERTICAIS

- A. Lugar onde se gardan os cereais.
- B. Instrumento circular de madeira cun fondo de arame.
- C. Lugar pechado onde se garda o gando.
- D. Prado natural de terra.
- E. Peza de madeira que se coloca sobre os animais.
- F. Ferramenta agrícola que serve para segar a rentes de terra.
- G. Construcción cuberta que está pegada á casa.
- H. Instrumento agrícola feito dunha póla delgada que remata en dúas gallas.
- I. Ferramenta cortante que se usa para cortar leña.

Alejandro G. e Mónica M.



QUEN SE MOVA...
SAE NA FOTO!

A CORTIÑA

No I.E.S de Mugar dos, os alumnos fixemos unha experiencia que consistiu en levar a cabo un traballo práctico que chamamos " A Cortiña ".

A Cortiña é unha horta pequena que coidamos con moito agarimo, e nela plantamos un pouquiño de cada cousa: leitugas, allos, cebolas, porros, acelgas, repolos e coles.

Queremos completar o traballo con cenorias, xudías, pementos, tomates, fabas, etc.

Ó final, a ver se podemos facer unha comellada de produtos ecolóxicos.


Imos traer unha pota e meter dentro, para cocer, de todo un pouco e a ver que resultado obtemos ¡ Rico, rico e con fundamento !.

Se resulta, para o vindeiro curso, podemos facer unha plantación dunha fanega de terreo e quen sabe se, adicándonos á agricultura, temos aí o noso porvir.

Se alguén quere colaborar nesta experiencia única e ecolóxica, que se poña en contacto cos alumnos de 1º da E.S.O. A

¡¡¡ESPERÁMOSVOS!!!

Alumnos de 1º da E.S.O. A



Descanse en paz .



Javi02

As